



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 30 DE SETEMBRO DO 2020

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela (participación telemática).

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaria-Interventora:

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove e trinta horas do 30 de setembro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 29 DE XULLO DO 2020.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **á acta correspondente á sesión celebrada o 29 de xullo do 2020.**

Non habendo intervencións enténdese aprobada por unanimidade.

2. PROPOSTA CREACIÓN CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Obra no expediente o ditame que, de seguido se transcribe:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Constituír a o Consello de Participación Veciñal como órgano de participación, información, seguimento, control e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello de Cabanas teña competencia.

O Consello de Participación Veciñal desenvolverá exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponde dito Consello.



SEGUNDO. De conformidade co artigo 28 do Regulamento de Participación Veciñal, as funcións concretas do Consello de Participación Veciñal serán as seguintes:

- Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello para ser discutidas nos órganos colexiados municipais.
- Estudar, antes da súa aprobación polo Pleno, o orzamento municipal e outros asuntos de especial importancia.
- Ser consultado e emitir Informe non vinculante, antes da súa aprobación polo Pleno, sobre as bases para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro.

TERCEIRO. De conformidade co establecido no artigo 27 do Regulamento de Participación Veciñal, o Consello de Participación Veciñal estará integrado polos seguintes membros:

- O membro da Corporación con delegación en Participación Veciñal, que exercerá a Presidencia.
- O membro da Corporación con delegación en asociacionismo.
- Un membro de cada grupo político con representación no Concello.
- Un/unha funcionario/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado pola persoa con delegación en Participación Veciñal, que exercerá a Secretaría do Consello.
- Unha persoa representante de cada entidade inscrita no Rexistro Municipal de Entidades.
- Eventualmente poderán participar con voz, pero sen voto, aquelas entidades ou persoas cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo ser requiridos a instancia do propio Concello ou asistir por solicitude propia, sempre e cando se admitida pola maioría do Consello de Participación Veciñal.

CUARTO. De conformidade co establecido nos artigos 29, 30 e 31 do Regulamento de Participación Veciñal, o réxime de funcionamento do Consello de Participación Veciñal será o seguinte:

- O Consello de Participación Veciñal celebrarase, como mínimo, unha vez ao ano. Será convocado de maneira ordinaria pola Presidencia, a iniciativa propia, ou por solicitude de dous terzos dos seus membros.
- Considerarse constituído en primeira convocatoria coa presenza da metade dos seus membros; considerárase constituído en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. Os acordos do Consello de Participación Veciñal adoptaranse por maioría simple.
- Cando algún membro do Consello de Participación Veciñal no acuda por tres veces consecutivas ás sesións convocadas, será substituído da súa responsabilidade.

QUINTO. Comunicar este Acordo ás diferentes organizacións, asociacións e Entidades que vaian formar parte do Consello de Participación Veciñal, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes, mediante escrito presentado no Rexistro Municipal, no prazo de dez días hábiles, desde a adopción do presente Acordo.

A continuación intervén o concelleiro **Iago Varela Martínez** que di que tal e como estaba previsto na Ordenanza de participación veciñal é o Pleno o que debe crear este órgano de seguimento e control e unha vez creado di que se comunicará ás diferentes entidades para que nomeen aos seus representantes.

Ábrese o debate e intervén o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que di que lle parece, cando menos, curioso, que ese asunto se traia un ano mais tarde de aprobación da ordenanza, que se aproba en diferido polo que ve e ademais di que tampouco ten claro que ese órgano teña funcións algunhas de control, e mais ben di que lle parece un órgano presidencialista que, como moito, escoitará algunha opinión, motivo polo que o ve moi coxo e cre que para o único que valeu a ordenanza de participación





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

veciñal foi para eliminar a tres asociacións do rexistro no medio da pandemia e o equipo de goberno saberá o que fai.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que a ordenanza establece uns prazos e tamén que sexa o pleno o que aprobe ese órgano e di que, de feito, o concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña estivo nese pleno, así que supón que o recordará.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervén para dicir que ese órgano ben xestionado, parécelles algo sa, pero non teñen claras nin as súas funcións, nin a xestión e parece mais ben unha forma de promocionarse e levar á opinión pública o que se queira, motivo polo que non poden votar a favor.

Pide a palabra novamente o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que di que o único que supón e mais burocracia e cre que para que fose real necesitaría facer mais cousas e insiste que o único afán do equipo de goberno era deixar fora do rexistro a tres asociacións no medio da pandemia.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que lle gustaría aclarar á concelleira Elena Arias Martínez que as funcións deste órgano están recollidas no acordo (le literalmente) e di tamén que, anteriormente, facíanse reunións, pero eran mais partidistas e agora o que tratan é que estea regulado. E, polo que se refire á composición, di que estará o concelleiro da área e despois un membro de cada grupo político, porque cre que se tratarán cuestións que atinxen a todos.

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSgG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco (5) abstencións dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto, adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Constituír a o Consello de Participación Veciñal como órgano de participación, información, seguimento, control e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello de Cabanas teña competencia.

O Consello de Participación Veciñal desenvolverá exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponde dito Consello.

SEGUNDO. De conformidade co artigo 28 do Regulamento de Participación Veciñal, as funcións concretas do Consello de Participación Veciñal serán as seguintes:

- Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello para ser discutidas nos órganos colexiados municipais.
- Estudar, antes da súa aprobación polo Pleno, o orzamento municipal e outros asuntos de especial importancia.
- Ser consultado e emitir Informe non vinculante, antes da súa aprobación polo Pleno, sobre as bases para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro.

TERCEIRO. De conformidade co establecido no artigo 27 do Regulamento de Participación Veciñal, o Consello de Participación Veciñal estará integrado polos seguintes membros:

- O membro da Corporación con delegación en Participación Veciñal, que exercerá a Presidencia.
- O membro da Corporación con delegación en asociacionismo.
- Un membro de cada grupo político con representación no Concello.
- Un/unha funcionario/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado pola persoa con delegación



en Participación Veciñal, que exercerá a Secretaría do Consello.

— Unha persoa representante de cada entidade inscrita no Rexistro Municipal de Entidades.

— Eventualmente poderán participar con voz, pero sen voto, aquelas entidades ou persoas cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo ser requiridos a instancia do propio Concello ou asistir por solicitude propia, sempre e cando se admitida pola maioría do Consello de Participación Veciñal.

CUARTO. De conformidade co establecido nos artigos 29, 30 e 31 do Regulamento de Participación Veciñal, o réxime de funcionamento do Consello de Participación Veciñal será o seguinte:

— O Consello de Participación Veciñal celebrarase, como mínimo, unha vez ao ano. Será convocado de maneira ordinaria pola Presidencia, a iniciativa propia, ou por solicitude de dous terzos dos seus membros.

— Considerarse constituído en primeira convocatoria coa presenza da metade dos seus membros; considerárase constituído en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. Os acordos do Consello de Participación Veciñal adoptaranse por maioría simple.

— Cando algún membro do Consello de Participación Veciñal no acuda por tres veces consecutivas ás sesións convocadas, será substituído da súa responsabilidade.

QUINTO. Comunicar este Acordo ás diferentes organizacións, asociacións e Entidades que vaian formar parte do Consello de Participación Veciñal, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes, mediante escrito presentado no Rexistro Municipal, no prazo de dez días hábiles, desde a adopción do presente Acordo.

3. EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21/2020, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 21/2020 , NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Visto o expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, que consta de providencia de Alcaldía, Memoria da Alcaldía e informe de Secretaría Intervención.

Visto que da liquidación do exercicio 2019 resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 778.784,36 €.

Visto que as contías consignadas no orzamento de 2020 resultan insuficientes para atender ao gasto relativo a achegas municipais e os investimentos que a continuación se relacionan:

- *Achega municipal prevista para a execución do proxecto incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2020”, que leva por título Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade do cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal e cuxa contía total ascende a 244.966,05 €, correspondendo á achega municipal a cantidade de 158.938,71 €.*





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Visto o que antecede, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de acordo co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 21/2020, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de **158.938,71 euros**, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
1601	609.00	Plan provincial de obras e servizos- Rede sumidoiros	158.938,71 €.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

O **Alcalde** explica que se trata da achega municipal relativa á obra do Areal financiada co POS+ Adicional 2/2020.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervéñ para dicir que o seu grupo vai a votar a favor, porque era un tema que xa estaba feito polo goberno anterior e o que queren é que continúe cara adiante.

O **Alcalde** di á concelleira que non había nada relativo a ese proxecto, que tiveron que partir de cero, se había algo teríao o PP, pero non estaba na Alcaldía.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que estaba na Alcaldía.

O **Alcalde** di que non é certo, non estaba na Alcaldía, que a deixaron baleira cando se foron.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que aí o tema son as verteduras do saneamento na ría, xa denunciadas polas mariscadoras, e consideran que deberían ser esas as prioridades, tendo en conta ademais que xa foron multados por ese tema e sobre o que hai unha sentenza firme do Xulgado de Ferrol que deben buscar no rexistro de entrada, que di que é onde se debe buscar a información, non noutros sitios. Di que, en todo caso, o problema, o gran fleco é o do río Penso, que segue sen resolverse e sobre o que di que fará unha pregunta no apartado correspondente.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que supón que cando fala coa Xunta xa lle terán dito que é un procedemento que xa se tiña iniciado e ao fío diso gustaríalle saber cantas veces vai o alcalde á Xunta, porque cre que igual debería ir máis a miúdo.



O **Alcalde** di que nin o concello nin os técnicos tiñan coñecemento da existencia de proxecto algún e os técnicos de Augas de Galicia cos que falou tampouco e di á concelleira, para o seu coñecemento, que nese mesmo día foi á Xunta e ten todos os contactos que ten que ter con todas as administracións e de todos xeitos quere dicirlle que os proxectos quen os deben ter son os técnicos, aos que hai que ter en conta, cousa que di que antes non pasaba.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 21/2020, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de **158.938,71** euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
1601	609.00	Plan provincial de obras e servizos- Rede sumidoiros	158.938,71 €.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.-O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

4. RATIFICACIÓN EMENDA OBRA POS+ ADICIONAL 2/2020.

Obra no expediente a Resolución de Alcaldía obxecto de emenda e que se transcribe literalmente:

RESOLUCIÓN. Emenda proxecto POS+ Adicional 2/2020.

Visto que por Resolución da Alcaldía 637/2020, de data 30 de xuño de 2020, acordouse a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de Competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020, para gasto corrente/investimento financeiramente sostible, para a execución do proxecto "Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade de cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento de 202.451,28 euros e 42.514,77 euros de ive, o que importa un total de 244.966,05 euros, ratificado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria realizada en data 3 de xullo de 2020.

Visto a comunicación da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada 2020-E-RC-1422, de data 8 de xullo de 2020, na que se traslada ao Concello de Cabanas deficiencias no proxecto presentado, procedendo a emenda do mesmo nas condicións establecidas en dita comunicación.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Realizadas as modificacións oportunas no proxecto e visto o Informe do arquitecto municipal, de data 6 de agosto de 2020, de conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril e artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a o proxecto revisado “Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade do cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira.

Segundo. Dar traslado da presente Resolución á Deputación Provincial da Coruña.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución ao Pleno da Corporación na propia sesión que se celebre, para a súa ratificación.

O **Alcalde** explica que a Deputación fixo un requirimento na fase de supervisión de proxectos.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta que se requiriu e se esa documentación está dispoñible.

O **Alcalde** di que se requiriron completar diversas cuestións relativas ao proxecto e a documentación está a disposición.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que solicitará o acceso.

Sometida a votación a ratificación da resolución é aprobada por unanimidade dos presentes (11 votos).

5. RATIFICACIÓN DETERMINACIÓN FESTIVOS LOCAIS ANUALIDADE 2021.

Obra no expediente a Resolución de Alcaldía relativa á determinación dos festivos locais para 2021, que se transcribe literalmente:

RESOLUCIÓN. Festivos locais anualidade 2021.

Visto que con rexistro de entrada nº 2020-E-RC-2045, de data 25 de setembro de 2020, recíbese comunicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria requirindo a determinación dos dous días de festividade local no Concello de Cabanas para a anualidade 2021, debendo remitirse o correspondente acordo antes do día 30 de outubro de 2020.

Visto que no mes de outubro non está establecida a celebración de Pleno Ordinario no Concello de Cabanas, e ante a necesidade de comunicar os dous días de festividade local do Concello de Cabanas para a anualidade 2021 á Consellería de Economía, Emprego e Industria antes do día 30 de outubro de 2020, de conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Determinar como festivos locais do Concello de Cabanas para a anualidade 2021 as seguintes datas:

-16 de febreiro de 2021 (Martes de Entroido)

-30 de novembro de 2021 (Santo André).

Segundo. Dar conta ao Pleno da Corporación do presente acordo para a súa ratificación.



O **Alcalde** di que se fixo por Resolución porque o prazo remataba nese mesmo día e explica que todos os anos se foron turnando os días, pero, tendo en conta que este ano, por mor do Covid non haberá celebración, pensaron en manter o mesmo para retomala o ano que ven, pero, di que, non obstante, acepta as suxestións do resto de concelleiros.

A concelleira **Elena Martínez Arias** di que lles parece sensato o de repetir o de este ano.

Sometida a ratificación a resolución é aprobada por unanimidade dos presentes (11 votos).

6. INFORMES DA PRESIDENCIA

A) RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía dende o último pleno ordinario.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA

A) Moción de apoio ao Comité de Empresa e traballadoras/es de Siemens Gamesa As Somozas.

O Alcalde indica que, por parte do Comité de empresa lles presentaron esta moción para recabar o apoio da Corporación.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (11 votos).

De seguido a concelleira Paula González Grueiro da lectura á moción, co seguinte teor literal:

El pasado mes de enero se hace efectiva la compra de una fábrica de palas en Vagos (Portugal) por parte de Siemens Gamesa en donde están efectuando una gran inversión y apostando por poner los nuevos modelos de palas, como es el caso del G145 que en octubre del año pasado la empresa nos comunicó que teníamos muchas posibilidades de que este modelo se implantara en nuestra planta de Somozas pero que a día de hoy está en funcionamiento en la planta de Portugal, así como todos los nuevos modelos (G155 Y G170). Todo esto ocasiona el temor de una posible deslocalización y consecuente cierre de la planta de Somozas ya que en la reunión que mantuvo el Comité de Empresa con Siemens Gamesa el pasado 0 de julio, el Director de Operaciones de Palas nos comunica que sólo tenemos trabajo confirmado hasta finales del año 2020 y que hasta la fecha no se contempla ninguna inversión para la planta de Somozas.

Desde el Comité de Empresa estamos valorando ya medidas de presión a seguir ante una posible deslocalización y cierre de la planta de Somozas. Ante esto, queremos se hagan inversiones en conjunto con un plan de viabilidad para la planta con el consecuente mantenimiento del empleo para nuestra plantilla.

Entendemos que la situación afecta a más de 300 trabajadores de todas las comarcas que trabajan en nuestra planta de As Somozas, muchos desde hace más de 20 años. Por eso tenemos el ánimo de recabar todos los apoyos que sean necesarios.

***SOLICITAMOS** a los ayuntamientos que se aprueben en una moción plenaria en favor a las actuaciones que vayamos adoptar este Comité de Empresa junto a los trabajadores y trabajadoras a partir de ahora y reclamamos el apoyo del Gobierno Central y Xunta de Galicia para impulsar los movimientos necesarios para que Siemens Gamesa siga manteniendo y apostando por la planta de As Somozas*

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que efectivamente lles parece unha situación moi grave, cren que a comarca non se pode permitir perder mais postos de traballo e incluso suxiren transformar a moción nunha declaración institucional.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O **Alcalde** di que están de acordo en que sexa unha declaración institucional

O concelleiro **Iago Varela Martínez** intervén para dicir que están ante un exemplo mais das consecuencias da deslocalización de empresas na contorna e a Xunta que é a Administración que ten as competencias en materia de industria, botando balóns, di que que a industria non entra dentro das prioridades da Xunta vese ven cando ata lle quitaron o nome á Consellería, polo que di que, por parte do BNG están totalmente de acordo en apoiar a moción.

A concelleira **Eva García Amor** di que, dende Agrupación de electores están sempre a favor de apoiar ás empresas da contorna e votarán a favor.

De seguido intervén o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que di que entenden que a crise industrial que están a vivir debe ser apoiada e cre que é unha mais das que lles vai tocar vivir nos próximos anos, polo que considera que deberían poñerse as pilas.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervén novamente para dicir que o concelleiro Iago Varela Martínez aproveita sempre eses temas para falar do Partido Popular, pero recórdalle que as catro reconversións navais en Ferrol viñeron sempre do mesmo partido.

O **Alcalde** di que por parte do grupo político do PSdG-PSOE apoian totalmente a moción e espera que todas as Administracións públicas, sexan da cor que sexan, remen a favor para solventar a crise.

De seguido o Alcalde pregunta se todos os concelleiros están de acordo en transformar a moción nunha declaración institucional.

Estando todos de acordo transfórmase a moción nunha declaración institucional.

De seguido o concelleiro **Iago Varela Martínez** indica que o seu grupo ten unha moción relativa ao inicio do curso nos centros de ensino á que da lectura e que de xeito literal di:

MOCIÓN SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAs así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, imponéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tamponco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se



manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galicia. Malia isto, na disposición adicional 4ª da lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galicia en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécense as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galicia, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galicia, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galicia para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo régulanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecuste. Así mesmo, a Xunta de Galicia, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPAs.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galicia, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar á totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do sobrecuste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta en funcións sobre as obrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as FANPAs (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Cabanas esta iniciativa, proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- 1.- *Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.*
- 2.- *Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.*
- 3.- *Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.*
- 4.- *Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.*
- 5.- *Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.*

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por sete (7) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e catro (4) abstencións dos concelleiros do PP.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que unha vez mais están coa obsesión do concelleiro do BNG co Partido Popular, que empeza a pensar que o concelleiro está pensando nun futuro cargo fora do concello, pero en fin, quere dicir que as labores de limpeza nos colexios de primaria son dos concellos e nos institutos da Administración autonómica e iso é así.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que en relación aos acordos da moción, gustaríalle saber a que protocolo se están a referir; tamén lle gustaría dicir que o tema dos comedores e das actividades extraescolares recae, na maior parte dos colexios, nas ANPAS polo que meter iso nunha moción xenérica cre que non queda ben. Di que, efectivamente, houbo moita improvisación, moitos cambios de última hora, porque se comezou no mes de xullo a traballar cunhas previsións de distancia de un metro que logo en agosto pasaron a 1,5 metros o que supuxo moitos problemas pola falta de espazo de aí que o seu grupo fixera unha proposta ao respecto e o único que ouviron foron críticas infundadas, cando o menos que se podía facer era chamar por teléfono e falar do tema, porque que non haxa un problema no colexio de Cabanas, non quere dicir que non o haxa en Fene a onde tamén van alumnos de Cabanas. En canto ao tema da limpeza di que concordan, pero viron que fixeron unha licitación recente e non sabe se aplicaron xa o novo protocolo; polo que se refire á colaboración coas Anpas cre que o concello xa ten unha liña de subvención que cre que se podería complementar e ampliar. O concelleiro di que tamén deberían ampliar as axudas para material escolar, onde di que corruxiron un erro posto de manifesto por el mesmo, polo que lles da as grazas, e engade que non se queren meter en guerras políticas, senón axudar. E di que xa sabe que hai limitacións tanto de competencias, como de cartos, por iso, precisamente, todas as Administracións deberían remar xuntas na mesma dirección.

Intervén de novo o concelleiro **Iago Martínez Varela** que di que hai informes de Deputación que din, claramente, que a desinfección non é unha competencia dos concellos e gustaríalle ademais aclarar algunhas cousas, como que o equipo de goberno acompaña e apoia ao CEIP Eladia Mariño no que necesitan, tiveron contacto permanente con eles para saber se necesitaban algo ou non e di que seguirán colaborando, pero tamén considera que hai que reclamar a quen ten as competencias.



O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que segue sen saber a que protocolo se fai referencia, que ve que o concelleiro non lle contestou, el saberá, e insiste na necesidade de colaboración, como o tema dos ordenadores, que propuxo o seu grupo e o equipo de goberno fixo súa a idea, o que non lle parece moi correcto, como tamén fixeron coas bases das axudas e a corrección polo tema dos alumnos de FP. O concelleiro remata dicindo que por parte do seu grupo vanse abster, porque non teñen claro a que protocolo se refiren.

Pide a palabra a concelleira **Diana Rodríguez Fernández** para aclarar que o tema das axudas de material escolar, o concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña xa preguntou por ese tema en setembro de 2019 e xa lle explicou nese momento, que levaban un mes traballando nelas, así que di que tamén o concelleiro colle ideas de outros e, en canto ao tema de non incluír aos alumnos de FP, explica que foi un erro, que asume totalmente, e que xa se subsanou.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que o protocolo ao que se refire a moción e o de 14 de agosto e quere tamén aclarar ao concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña que a súa proposta de facilitar ordenadores ao alumnado é do 3 de abril e nese intre xa tiñan falado co colexio e fixeran un censo das necesidades.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que ese censo é da última semana de marzo e a súa suxerencia á anterior a que se puxeran en contacto co centro, e di que iso é así e que, ademais, ten as probas.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que quere apuntar por último que non so se lle dou ese servizo ao CEIP Eladia Mariño, senón tamén aos estudantes do instituto.

8. ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira **Elena Arias Martínez** formula os seguintes rogos e preguntas:

- A concelleira di que parece ser que hai un tractor que leva dous meses no taller e gustaríalle saber o motivo.

A concelleira **Eva García Amor** di que iso non é certo, hai un tractor que tivo unha avería e como moito tempo estivo tres días no taller.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que foron mais días e ademais di á concelleira que teñen que ser mais coidadosos con onde os aparcan polo tema do aceite que van deixando.

- A concelleira pregunta que solucións teñen pensadas para facilitar a conciliación.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que a conciliación é un dereito esquivado, pero tampouco o poden asumir dende o concello, senón que terán que ser o estado ou as empresas as que adopten medidas, xa que co COVID viuse a realidade deste problema. En todo caso di que, dende o concello seguen co programa de Mencer na Escola, e decidiron non facer actividades extraescolares para ser coherentes e respectar as aulas burbulla, pero o colexio terá un uso preferente do pavillón.

A concelleira di **Elena Arias Martínez** di que, resumindo, teñen o programa Mencer na Escola que puxo en marcha o PP e ningún plan B. Pregunta á concelleira se lle pode dicir como están aplicando o protocolo de desinfección.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que se fai desinfección pola mañá e polo tarde e cada hora en superficies de contacto.

O **Alcalde** intervén para dicir que o que aplican é o protocolo que ten o colexio.

- A concelleira di que o contedor do vidro está a tope nalgúns zonas e pregunta que teñen pensado facer.

A concelleira **Eva García Amor** di que se puxeron en contacto coa empresa de recollida para saber cal é o problema e a resposta que lles deron e que foi por mor do período vacacional.

- A concelleira di que o tema dos desbroces é un punto e aparte e seguirán preguntando en todos os Plenos porque se xa tiveron problemas cando a herba non crecía non quere saber como farán agora.

A concelleira **Eva García Amor** di que se contratou unha empresa externa, como se fai todos os anos, para executar o convenio co Distrito Forestal e di que este ano houbo retraso, xa o recoñece aínda que non cre que a cousa sexa tan caótica como a pinta a concelleira.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que lle trasladarán aos veciños que a concelleira cre que a situación non é tan caótica e tamén quere dicirlles que deberían adoptar medidas para que os propietarios das parcelas as limpen.

A concelleira **Eva García Amor** di que a policía local xa ten varios informes.

- A concelleira di que na zona da Veiga hai unha farola a punto de caer e solicita o seu arranxo.
- Pregunta porqué non continuaron a estrada de Soaserra, de acordo co prometido no cartel de obras.

O **Alcalde** di esa é a segunda anualidade.

A concelleira **Elena Arias Martínez** pregunta porqué se priorizou esa zona en detrimento doutras.

A concelleira **Eva García Amor** di que é porque a subvención e para camiños que teñen que a condición de camiños agrícolas.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** formula os seguintes rogos e preguntas:

- O concelleiro di quere preguntar, en primeiro lugar, se o despregue de fibra óptica ven establecido nun plan 2018-2019, e se este dato está actualizado.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que ese é o documento de traballo e están cunha estratexia , un documento vivo co que están a traballar e que se actualiza cada dúas semanas.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta se hai algún rucio máis dos anunciados.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que o obxectivo e que a finais do 2023 o concello teña acceso a redes de nova xeración, pero son previsións, porque di que son cousas que soen levar retraso, como pasou este ano coa pandemia.



O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que despois de ter acceso aos expedientes veu que nalgún o informe técnico é desfavorable e se propón a denegación da licenza xa que a Lei do Solo impide a colocación de novos postes, e pregunta que solución se vai dar neses casos.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que ten que dicir que lle sorprende que veña agora o concelleiro con ese tema cando no ano 2018 nun pleno, dicía que pouco podía facer o concello e so agardar polas empresas; en canto ás licenzas, algunhas non compren coa legalidade e o que se fixo foi un requirimento para que fagan algo tan sinxelo como cavar unha zanxa e iso so no caso de Telefónica, porque di que outros operadores teñen outras alternativas e o que está a facer o concello e dar solucións.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que é moi doado sacar as cousas de contexto, porque daquela non había o Plan estratéxico ao que fixeron antes referencia e agora si, e quere suxerir lle que continúe traballando con tanta ansia, agardando que en 2023 se non toda Cabanas, polo menos unha parte teña acceso á fibra óptica.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que están traballando arreo e segundo os seus cálculos a mediados do ano estará xa moi avanzado o obxectivo final, dous anos antes do que esixe a Unión Europea.

- O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** en relación á supresión do xiro nas Cádivas gustaríalle saber si se dirixiron a Tráfico para saber o motivo e tamén se teñen algunha alternativa.

O **Alcalde** di que dende o ano pasado xa reclamaran a Estradas a supresión desde dobre carril ata as Cádivas e a creación dun refuxio e seguen en conversas, explica que lles mandaron un dossier con medidas urxentes; o alcalde continúa explicando que sabían que cando se pintara a estrada se pintaría a liña continúa e unha vez que o fixeron volveron a insistir nos accesos, di que xa o solicitaron por dúas ocasións e a semana que ven recordarallo por teléfono.

- O concelleiro di que lle gustaría falar tamén sobre a falla de limpeza do río Dana no Chan da Aldea, agora que veñen as cicloxénese e recorda que o ano pasado houbo inundacións nesa zona e pregunta se non teñen previsto limpar o río nesa altura.
- O concelleiro di que, nesa mesma liña teñen o caso do río Penso, que xa fixeron notar noutras ocasións que ten unhas canalizacións deficientes na zona urbana e gustaríalles saber que fixo o Alcalde ao respecto disto.

O **Alcalde** di que están vendo con Viaqua a forma de resolver estas incidencias e cre que veñen de saneamentos mal conectados.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** insiste en que Viaqua non ten competencias sobre o control dunha corrente de auga.

O **Alcalde** di que a canalización é a mesma, a empresa coñece perfectamente e di que están vendo cal é a canalización real e esperan pronto detectar as augas fécais aí conectadas, pero cre que hai que darlles mais tempo.

- O concelleiro pregunta que pasou para que o saneamento da Lousada fose tan ben como a fibra óptica, gustaríalle saber a que se deben eses grandes atrasos.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que o retraso máximo nesa obra foi dunha semana, por un tema de Fenosa, xa que faltaba documentación necesaria polo tema da electricidade que tamén se ía a soterrar e quería-se facer todo a un tempo.

- O concelleiro continúa dicindo que, respecto á limpeza de camiños, di que houbo demoras e faltaron cuestións importantes, ademais que en Vilar do Colo o concello, de xeito subsidiario debería terse feito cargo. E di que tamén tiveron queixas de veciños de Laraxe e o vial que leva ao Llano está tamén sen rozar.
- O concelleiro di tamén que lles faltou facer unha limpeza nas fontes, di que, en concreto a que está na Pedra do Couto está feita unha pena, pide que se actúe e se revisen outras como a de Santa Lucía.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que Santa Lucía parece a patrona dos plenos, porque sae en todos.

- O concelleiro di que revisaron o decreto de axudas para o material escolar e atoparon erros, e di que queren facelo público no pleno para que non lles rouben as propostas. Di que, no curso escolar no que están, ademais de material, hai que comprar mascarillas e agarda que podan modificar aínda as bases, porque son mais de dúas mascarillas ao día as que teñen que gastar.
- O concelleiro continúa dicindo que viron que nese mesmo día pintaron o paso de peóns na rotonda, pero di que faltaron pasos por pintar e deberían ter solicitado que o fixeran.

O **Alcalde** di que está xa solicitado o pintado dos outros pasos de peóns, preto da rotonda, porque en Estradas teñen dous tipos de contratos, o do mantemento da AP9 e do da nacional 651 e o que se pintou nese día é o da autopista, de aí que non se inclúsen os outros.

- O concelleiro di que cando o concello fai limpeza se botan as cousas á beira do camiño e considera que debían recollelas.
- En canto á iluminación pública di que lles pasaron os veciños moitas incidencias: farolas afundidas na zona do Loureiro, unha no Areal, e tamén varias farolas tapadas no camiño de Santa Cruz indo para Feal.
- O concelleiro roga tamén que melloren a iluminación na zona comercial xa que, recentemente, houbo roubos.
- O concelleiro chama a atención sobre o retraso na recollida de vidro e tamén de plástico.
- En canto ao control do tráfico no verán na zona da praia da Magdalena, di que se fixeron unha serie de anuncios na prensa, pero logo di que esas mesmas normas non se fixeron cumprir, polo que lles roga que o solucionen de cara ao ano que ven.

O **Alcalde** di que están de acordo e o que espera tamén e que para o que ven non se poña en dúbida o valor do traballo dos auxiliares da Policía Local.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervéñ para dicir ao alcalde que non manipule, que ela o único que puxo en entredito foi a xestión do concello.



O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que continúa a dicir que dous vixiantes están mais que xustificadas.

O **Alcalde** di que pensaron que a xente sería un pouco mais cívica, tendo en conta o ano que están a vivir, pero non foi así e di que, certamente, o corpo de auxiliares quedou escaso.

- O concelleiro di que, tendo en conta que xa caeu un piñeiro, gustaríalle saber como van os estudos do piñeiral.

O **Alcalde** di que no mes de outubro a empresa ten previsto presentar o estudo no concello e a demora veu derivada do COVID e porque se fixeron varias revisións.

- O concelleiro di que, respecto das actuacións que se fixeron no camiño de Fornarís, gustaríalle saber porqué se se fixo ese rebacheo, tendo en conta que o problema é o xardín que nace no medio, considera que tendo alí os obreiros podería terse solucionado e gustaríalle que, cando pasen por un camiño, anoten todas esas cousas.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que volverán por alí.

- En relación ao plan de saneamento, gustaríalle saber en que estado se atopa.

O **Alcalde** di que tiveron nese mesmo día unha reunión con Viaqua e están traballando niso de cara ao POS 2021.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e once minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

